

Para poñer o santo, en comunidade

San Cosme querido,
achégome a ti con confianza,
porque ben sei que me queres,
como tamén Deus me quere.

Que na miña enfermidade
poida dispoñer de bos médicos;
e se a enfermidade se resiste,
que dispoña de bos coidados;
e que non me falte nunca
compaña, alento e paciencia,
para poder tolerala,
no posible, sen dor e con paz.

Que o Espírito bo de Deus
me acompañe sempre:
na saúde, para ser agradecido,
na enfermidade, para ser fortalecido.

Cando me colla a tristura e o desalento,
cando teña algún problema familiar,
cando me custe levarme ben con algún veciño ou veciña,
axúdame a buscar unha palabra amiga
para atopar consolo, forza e luz para a vida.

E ensíname a confiar sempre nas mans curadoras de Deus,
pois el é para min, como para todo o mundo,
como unha nai agarimosa
que o dá todo para que os seus fillos e fillas solezan na vida.
Amén, Santiño querido. Que así sexa. Amén.



SAN COSME DE GALGAO SAN COSME DA MONTAÑA

Acollida

Benvidas amigas e amigos,
que vides ao san Cosme empuxados
polas vosas preocupacións,
enfermidade, pola vosa fe e o voso
desexo de mellorar a vida, polo
gusto de atoparvos con outra xente
en romaría.

Benvidas todas e todos no
nome da parroquia de Galgao e
sobre todo no nome do mesmo San
Cosme e de Deus, que segue de
cerca as vosas vidas disposto sempre
a botar unha man, para que teñades vida abundante e feliz.

Poñamos nas mans de Deus e do seu santo Cosme as nosas
preocupacións e desexos. Pidamos perdón de lle temos faltado a
alguén. escoitemos con devoción a Palabra de Deus.
Acheguémonos a comungar con desexo de amigar con Xesús o co
que el nos ensina. Poñamos o santo, se nos praxe, con devoción,
desexando poñer paz e honradez nas nosas vidas.

Se nos apetece dar algunha esmola, deámola, pero sabendo
que Deus é sempre gratis, o único que nos pide é bo corazón, e que
nos abramos ao ben e a doernos de que ande en debilidade.

Que teñades un feliz día do San Cosme e poidades volver ás
vosas casas alegres e con ganas de vivir a vida con paz, con ánimo,
con unión veciñal. Coidémonos, que Deus nos coidará.



--	--